

A vacinación fronte ao
virus do papiloma humano
(VPH)



A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, incorpora no calendario de vacinación infantil a partir do 29 de setembro de 2008, a vacina fronte ao virus do papiloma humano para previr o cancro de cérvix, nas rapazas nadas a partir do 1 de xullo de 1994 segundo vaian cumprindo 14 anos

¿Que é o VPH e que pode causar?

É un virus do que existen moitos tipos, que afecta a pel e as mucosas e que pode producir desde lesións banais ata cancro.

A maioría das infeccións producidas polo VPH non producen ningún síntoma e resólvense por si soas. Pero é importante, **xa que algún dos tipos de VPH poden causar cancro de cérvix.**

¿Como se transmite e como previlo?

Naqueles virus que poden ocasionar cancro, as relacións sexuais son o **mecanismo fundamental de infección polo VPH**, polo que o uso adecuado do preservativo así como a redución do número de parellas sexuais, constitúen as medidas fundamentais de prevención tanto para esta como para outras infeccións de transmisión sexual (ITS).

A vacinación ofrece unha medida preventiva adicional para evitar os efectos máis graves da infección por este virus e polo tanto do cancro de cérvix, **pero non substitúe as medidas anteriores.**

¿De que protexe a vacina?

A vacina protexe arredor do 70% de casos de cancro de colo de útero que son causados polo virus do papiloma humano de alto risco (tipos 16 e 18), así como doutros cancros menos frecuentes causados por este virus.

¿A quen vai dirixida esta vacina?

O Programa galego de vacinacións introduce de forma voluntaria e gratuíta esta vacina para todas as rapazas nadas a partir do 1 de xullo do ano 1994, segundo vaian cumprindo 14 anos.

Esta idade establécese tendo en conta que o risco de infección polo VPH é máis alto nos primeiros anos a partir do inicio das relacións sexuais.

¿Como é a vacina?

Trátase dunha inxección intramuscular. A vacinación completa necesita tres doses (0/1/6 meses), e é importante recibir todas as doses para acadar unha protección axeitada.

A vacina é segura e con escasos e leves efectos secundarios.

¿Onde vacinarse?

Como sempre, a vacina debe ser administrada no seu centro de saúde ou no punto de vacinación habitual.

Ademais hai que lembrar....

A importancia do exercicio dunha sexualidade responsable, saudable e segura.

Que todas as mulleres, estean ou non vacinadas fronte ao virus do papiloma humano, deben realizar os controis xinecolóxicos habituais.



Máis información
na páxina web da Dirección Xeral de Saúde Pública

<http://dxsp.sergas.es>

(En: actividade/áreas de traballo/enfermidades transmisibles/vacinas/vacunación infantil)

